

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 28 de outubro de 2011, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 11/11, do 30 de setembro.
- 2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 16.301 á nº 18.200, de 2011.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras provinciais

- 3.-Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2011 cuarta fase que integra as obras: mellora da seguridade viaria con sistemas de contención-barreiras metálicas zona D; parcheo con mestura asfáltica na DP 1105 Noia a Cabo de Cruz (Boiro); construción de muro de contención na DP 0511 Ledoño-Arteixo Pk 8+900 (Arteixo); mellora da seguridade viaria con sistemas de contención de barreiras de seguridade metálicas zona A; mellora do firme con mestura bituminosa en quente na DP 0509 rede viaria Polígono de Sabón vial nº 3 (Arteixo); mellora con mestura bituminosa en quente na DP 1914 Carballo a Portomouro (PK 0+000 a 29+000) segunda fase (Carballo, Tordoia e Val do Dubra).
- 4.-Aprobar o proxecto de terminación da obra que se relaciona e incluída no Plan de conservación de vías provinciais 2010 primeira fase: terminación grupo 24: Boiro, Lousame e Noia. Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días.
- 5.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 novena fase, integrado polo proxecto: DP 4202 Aldea Grande ao Couto (ensanche e mellora P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+200) Lousame. Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

- 6.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Galega de Medioambiente, S.A. e Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, para formalizar o convenio do Programa para reducir a produción de residuos urbanos en orixe e a mellora da recollida selectiva.
- 7.-Aprobación definitiva do expediente de cesión de uso do local do edificio A Milagrosa asignado á Fundación Odontolóxica Solidaria.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

8.-Aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do Plan de obras e servizos (POS) 2011, apartado de obras de investimento.

9.-Aprobar a 3ª fase da anualidade 2011 do proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder.

10.-Aprobar o proxecto reformado nº 2 da obra “Centro reunión social, 2-F” do Concello de Oroso, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007. Código: 07.3100.0182.0.

11.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Saneamento e abastecemento Pedroso Sur” do Concello de Padrón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2009. Código 09.2100.0207.0.

12.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Ampliación da calzada e firme do camiño Bos Aires a Pereiro”, do Concello da Laracha, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, co código: 10.2100.0105.0.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

13.-Modificar a Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

14.-Desenvolvemento da Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

15.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arzúa para organizar a VIII Feira de Agricultura Ecolóxica e Festival das Artes pola Diversidade.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

16.-Proposta de adhesión á Rede de Dinamización Lingüística e designación de representantes.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

17.-Toma de coñecemento do informe sobre o estado de tramitación das facturas recibidas con anterioridade ao 1 de xullo de 2011, en aplicación do establecido na Lei

15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163 do 6 de xullo de 2010).

18.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Vilarmajor en materia de recadación voluntaria e executiva da taxa pola prestación do servizo municipal de saneamento.

19.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Zas en materia de recadación das cotas de urbanización unha vez transcorrido o período voluntario de pago.

20.-Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

21.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa polo servizo de publicacións no Boletín Oficial da Provincia.

22.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame.

23.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón.

24.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza.

25.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais.

26.-Modificación da Ordenanza nº 12 reguladora do prezo público por servizos no centro residencial docente Calvo Sotelo.

27.-Modificación da Ordenanza nº 13 reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva.

28.-Modificación da Ordenanza nº 14 reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán.

29.-Expediente de modificación de créditos nº 3/2011 de aprobación polo Pleno.

30.-Modificar as subvencións nominativas recollidas na Base 49 das de execución do Orzamento 2011.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS